



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 07 DE DECEMBRO DE 2020

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00003229Y. APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Apróbanse as actas anteriores.

2. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00000165Y. LICENZA DESPEGUE REDE FTTH ORANGE7JAZZTEL NA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FASE 4.

Acórdase conceder a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o **Proxecto de infraestrutura de telecomunicacións para o despegue de Rede FTTH Orange/Jazztel na cidade histórica de Santiago de Compostela - FASE 4**, cun orzamento de execución material de 22.182,18 euros, no ámbito que se describe a continuación

- Quinteiro das Rúa das Orfas, Cardeal Payá e Tránsito dos Gramáticos.
- Quinteiro da Rúa de Mazarelos e Tránsito dos Gramáticos.
- Quinteiro da Praza de Mazarelos e Rúa de Mazarelos.
- Quinteiro da Rúa de Mazarelos e Tránsito da Mercé.
- Quinteiro da Rúa da Ensinanza (núm. 4 a 14).
- Quinteiro da Rúa Tras Salomé e Rúa da Caldeirería.
- Quinteiro da Rúa da Caldeirería, Cardeal Payá, Praza de Mazarelos e Praza da Universidade.
- Quinteiro da Praza da Quintana e Rúa da Conga.
- Quinteiro da Rúa da Conga, Praza de Praterías e Rúa de Xelmírez.
- Quinteiro da Rúa da Conga, Rúa de Xelmírez e Fontesequelo.
- Quinteiro da Rúa da Conga, Fontesequelo, Rúa do Preguntoiro e Praza de Feixoo.
- Quinteiro da Rúa de San Paio de Antealtares, Travesa de San Paio, Rúa do Preguntoiro e Praza de Feixóo.
- Quinteiro da Rúa do Preguntoiro, Praza de Cervantes, Praza da Pescadería Vella e Travesa da Pescadería Vella.
- Quinteiro da Praza da Pescadería Vella e Cantón de San Bieito.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1430/2019. ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE VIARIO E CONCESIÓN DE LICENZA AO PROXECTO BASICO PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA.

Acórdase aceptar a cesión de viario e conceder licenza para construír, segundo o proxecto básico de execución, unha vivenda unifamiliar illada na Sionlla, cun orzamento de execución material de 91.840 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2118/2003.

ACEPTACIÓN CESIÓN VIARIO VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE BARRAL.

Acéptase a cesión de viario.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1482/2019.

ACEPTACION DE CESION DE VIARIO E CONCESIÓN DE LICENZA PARA O PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

Acórdase aceptar a cesión de viario e conceder licenza para construír, segundo o proxecto básico de execución, unha vivenda unifamiliar no lugar de Ardagan, cun orzamento de execución material de 95.000 euros.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1005/2020.

CONCESIÓN DE LICENZA PARA A CONSTRUCCIÓN DE PISCINA.

Acórdase conceder licenza para construír, conforme o proxecto básico e de execución, unha piscina lo lugar de Son de Abaixo, cun orzamento de execución material de 2.000 euros.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1896/2016.

ACEPTACION DE CESIÓN DE VIARIO E CONCESIÓN DE LICENZA PARA A EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

Acórdase aceptar a cesión de viario e conceder licenza para construír, conforme ao proxecto básico e de execución, unha vivenda unifamiliar no lugar da Veiga, cun orzamento de execución material de 95.200 euros.

8. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: lic/1327/2020.

DENEGACION DE LICENZA DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA EXTERIOR

Acórdase denegar licenza para unha piscina exterior por incumprir a normativa urbanística de aplicación xa que a parcela se atopa no ámbito do Plan Xeral de Ordenación Municipal (Orde da CPTOPeT do 3 de outubro de 2007 e de 1 de setembro de 2008 da, BOP nº 56 do 10 de marzo de 2009), Plano I 18; en solo clasificado como rústico, na categoría de protección agropecuaria.

9. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/569/2019.

LICENZA DE OBRA NOVA E ACTIVIDADE DE NAVE INDUSTRIAL ADICADA A VENDA DE FERRAXES METALICOS.

Acórdase conceder licenza de obra nova para a construción dunha nave industrial adicada á venda de ferraxes metálicos, na rúa Andalucía, dacordo co proxecto básico e de execución, cun orzamento de execución material de 141.758,68 euros. As actuacións consistirán na construción de nave dunha planta, cunha ocupación de 450 m² (superficie útil de 435,80 m²) e altura de 9 metros.

10. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/232/2018.

LEGALIZACION DE OBRAS E ACTIVIDADE DE CENTRO ECUESTRE

Acórdase conceder licenza de obras e actividade ecuestre a Club Hípica La Lagunita, para a legalización de edificación e instalación dun centro ecuestre de 20 prazas no lugar de Lagoa cunha superficie edificada de 1.387,26 m². (formada por nave cuberta de paseo, oficina, edificación auxiliar, nave almacén e dúas cortes para os cabalos), e unha pista deportiva ao aire libre de 3.275 m².; conforme ao expediente de legalización presentado con orzamento de execución material de 240.892 euros.

11. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XPL/6/2017.

TRÁMITE DE AUDIENCIA A TITULARES AFECTADOS POR MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO 2 DO SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO NÚMERO 27 (SUNP-27). PIÑEIRO

Acórdase rexeitar a solicitude de aprobación definitiva por silencio administrativo do Proxecto de equidistribución reformado, presentado por URBAN PORTFOLIO o 4 de setembro de 2020. Antes de adoptar a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva do Proxecto,

outorgarase a todos os titulares afectados polas modificacións propostas un trámite de audiencia, por prazo dun mes, a fin de que poidan consultar o proxecto reformado e formular as alegacións que estimen oportunas.

12. PATRIMONIO. Referencia: PTM/19/2019.

DAR CONTA DA SINATURA DE ACTA DE ENTREGA DE CHAVES NA RÚA DO MEDIO-65-1º.

Dase conta da sinatura de acta de entrega de chaves de 30 de outubro de 2020 e posta a disposición do Concello da citada vivenda, declarando extinguido o contrato de arrendamento da Rúa do Medio nº 65 1º de data 1 de agosto de 2010.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/65/2020.

APROBACIÓN E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN das Obras de remate da rehabilitación Ponte Vella da Rocha.

Acórdase a aprobación do expediente denominado Obras de remate da rehabilitación Ponte Vella da Rocha e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de **135.815 euros**, IVE engadido (112.243,80 euros máis IVE do 21% que ascende a 23.571,20 euros).

14. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/181/2008.

CAMBIO DE TITULARIDADE DO CONTRATO DE ALUGUER DO LOCAL Nº 7 NA RÚA PRESIDENTE SALVADOR ALLENDE DESTINADO A OFICINAS MUNICIPAIS (ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE)

Autorízase o cambio de titularidade do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte) a favor de Hermanas Calviño Canedo CB.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/43/2019.

REAXUSTE DE ANUALIDADES SERVIZO DE MANTEMENTO DAS APLICACIÓN INFORMÁTICAS DE XESTIÓN DE INGRESOS, PADRÓN DE HABITANTES E DE NOTIFICACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Acórdase convalidar o reaxuste de anualidades deste contrato, por omisión da aprobación deste reaxuste con carácter previo á finalización do seu primeiro ano de vixencia, do seguinte xeito: **anualidade 2020: 39.659,39 euros.**

Con data 25 de novembro de 2019 o Concello subscribiu contrato coa empresa TSYSTEMS IBERIA SAU para a prestación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de ingresos, padrón de habitantes e de notificación do Concello de Santiago de Compostela. O acordo de adxudicación previa a reserva das cantidades seguintes, en función das respectivas anualidades: anualidade 2019: 12.381,17 euros; e anualidade 2020: 25.278,22 euros. Non obstante, o atraso na tramitación do expediente, determinou que esta distribución non se axustara á realidade da prestación, xa que finalmente o inicio do servizo non tivo lugar ata o 24 de novembro de 2019, polo que os períodos de facturación trimestral previstos no prego rematarían o 24 de febreiro, 24 de maio, 24 de agosto e 24 de novembro, concentrando todo o gasto no ano 2020. Polo tanto, procede convalidar o reaxuste de anualidades deste contrato, quedando do seguinte xeito:

Anualidade 2020: 39.659,39 euros.

A aprobación desta proposta implicará a aprobación do gasto por importe de 12.381,17 euros

16. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/27/2020.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO EXECUCIÓN DAS OBRAS RECOLLIDAS NO PROXECTO "ACONDICIONAMENTO DE TERREO NA RÚA TRIACASTELA PARA APARCADOIRO EN SUPERFICIE (CON/27/2020)

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CONSTRUCCIONES CERNADAS SL, por un importe de **280.540 euros**, IVE engadido (231.851,24 euros máis 21% de IVE que ascende a 48.688,76 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. A maiores, a empresa compromete un xefe de obra técnico titulado superior a xornada completa, un técnico adicional, un espazo habilitado como sala de reunións, unha

ampliación do prazo de garantía de 2 anos e un aumento do orzamento de control de calidade e do programa de actuación ambiental do 1%.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/70/2020.

APROBACIÓN DA APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DOS ESPAZOS VERDES E DO ARBOREDO DO PARQUE DE SALGUEIRIÑOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO D.A. 4ª LCSP E A APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON/70/2020

Apróbase o expediente denominado *Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4ª LCSP* e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 377.308,26 euros, IVE engadido (311.825,01 euros máis 21% de IVE que ascende a 65.483,25 euros). O importe desta contratación satisfarase con cargo aos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2021: 94.327,07 euros.
- Anualidade 2022: 125.769,42 euros.
- Anualidade 2023: 125.769,42 euros.
- Anualidade 2024: 31.442,35 euros.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/46/2020.

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DENOMINADO SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE, COMUNICACIÓNS E MODERNIZACIÓN DO CENTRO DE CONTROL DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/46/2020

Apróbase o expediente denominado *Subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do Centro de Control do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela* e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 390.321,8 euros, IVE engadido (322.580 euros máis 21% de IVE que ascende a 67.741,80 euros).

19. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/52/2020.

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DENOMINADO SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (RENTING): LOTE 1: DOUS VEHÍCULOS TIPO TURISMO "UMK" (UNIDADE MÓBIL CAMUFLADA); LOTE 2: UN VEHÍCULO TIPO TURISMO; LOTE 3: UN VEHÍCULO TIPO TODOTERREO; LOTE 4: OITO VEHÍCULOS TIPO MONOVOLUME CON/52/2020.

Apróbase o expediente denominado *Subministración de vehículos para a Policía Local de Santiago de Compostela mediante arrendamento con mantemento (renting): Lote 1: Dous vehículos tipo turismo "UMK" (unidade móbil camuflada); Lote 2: Un vehículo tipo turismo; Lote 3: Un vehículo tipo todoterreo; Lote 4: Oito vehículos tipo monovolume* e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de:

- Lote I: **82.560,00 euros** (IVE 21%: 17.337,60 euros), resultando, polo tanto, un prezo máximo sen IVE de 41.280 euros por unidade e unha cuota mensual sen IVE por vehículo de 860 euros (IVE 21%: 180,60 euros).
- Lote II: **50.400,00 euros** (IVE 21%: 10.584 euros), resultando unha cuota mensual sen IVE de 1.050 euros (IVE 21%: 220,50 euros).
- Lote III: **65.280,00 euros** (IVE 21%: 13.708,80 euros), resultando unha cuota mensual sen IVE de 1.360 euros (IVE 21%: 285,60 euros).
- Lote IV: **464.148 euros** (IVE 21%: 97.471,08 euros), resultando, polo tanto, un prezo máximo sen IVE de 58.018,50 euros por unidade e unha cuota mensual sen IVE por vehículo de 1.208,72 euros (IVE 21%: 253,83 euros).

O orzamento asignado ao desenvolvemento do contrato por exercicios orzamentarios (anualidades) é o seguinte:

- Anualidade 2021: Lote I: 18.785,25 euros/ Lote II: 11.461,72 euros/ Lote III: 14.837,62 euros/ Lote IV: 105.848,08 euros.
- Anualidade 2022: Lote I: 25.047 euros/ Lote II: 15.282,30 euros/ Lote III: 19.783,50 euros/ Lote IV: 141.130,77 euros.
- Anualidade 2023: Lote I: 25.047 euros/ Lote II: 15.282,30 euros/ Lote III: 19.783,50 euros/ Lote IV: 141.130,77 euros.
- Anualidade 2024: Lote I: 25.047 euros/ Lote II: 15.282,30 euros/ Lote III: 19.783,50 euros/ Lote IV: 141.130,77 euros.
- Anualidade 2025: Lote I: 6.261,75 euros/ Lote II: 3.820,58 euros/ Lote III: 4.945,88 euros/ Lote IV: 35.282,69 euros.

20. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/57/2018.

RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE MELLORA DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIOCULTURAS DA PARROQUIA DE FIGUEIRAS (POS+2018)

Acórdase iniciar o expediente para a resolución do contrato subscrito coa empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL para a execución das obras de mellora dos equipamentos deportivos e socioculturais da parroquia de Figueiras POS 2018, dando audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles, audiencia que implicará, evidentemente, a posta á súa disposición do expediente, aos efectos de que consulte e solicite copia de todos os informes e documentación que considere precisos. A decisión do departamento supervisor fundaméntase na inxustificable e prolongada demora na realización dos traballos acumulada pola empresa contratista, con causa na imposibilidade de atopar un provedor da estrutura prefabricada definida no proxecto de execución pola falta de previsión na preparación da súa oferta.

21. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00001938A.

TRANSMISIÓN DAS CASETAS DA PRAZA DE ABASTOS NÚMEROS NC169 E MC005 A FAVOR DUN PARTICULAR, POR XUBILACIÓN DE SEU PAI, TITULAR LEGAL DAS MESMAS.

Autorízase a transmisión das citadas casetas, que seguirán adicadas a venda de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos. O novo adxudicatario ten a obriga de explotar as casetas conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de abastos. A duración da concesión será por un máximo de cincuenta anos en total, contados dende a data na que foron concedidas inicialmente.

22. FOMENTO. Referencia: UNINOVA202001.

APROBACIÓN DA APORTACIÓN DE SOCIO DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA O EXERCICIO 2020 A "UNINOVA".

Apróbase a aportación á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras S.L. (UNINOVA), por importe de **29.322 euros** en concepto de achega de socio correspondente ao ano 2020.

23. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: F/2020/4721 791BS.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBIDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., CON CIF A79022299 EN CONCEPTO DE SERVIZO EXTRAORDINARIO AXUDA NO FOGAR POR COVID-19 CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2020

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por **12.421,51 euros**, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., en concepto de SERVIZO EXTRAORDINARIO AXUDA NO FOGAR POR COVID-19 CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2020".

24. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: F/4240/2020 789BS.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L., CON CIF B48758890 EN CONCEPTO DE SERVIZO EXTRAORDINARIO AXUDA NO FOGAR POR COVID-19 CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2020.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **18.838,88 euros**, a favor de SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L., EN CONCEPTO DE SERVIZO EXTRAORDINARIO AXUDA NO FOGAR POR COVID-19 CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2020.”

25. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 1.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA CORRESPONDENTE AOS PAGOS A CONTA Á EMPRESA “AUTOCARES RÍAS BAIXAS, S.L.” POLA REALIZACIÓN DA LIÑA 7 DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS NOS TRES PRIMEIROS TRIMESTRES DO ANO 2020, POR IMPORTE DE 172.230,78 EUROS.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **172.230,78 euros** a favor de “Autocares Rías Baixas, S.L.”, pola realización da liña 7 do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros nos tres primeiros trimestres do ano 2020.

26. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: F/4775/2020 790BS.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L., CON CIF B48758890 EN CONCEPTO DE SERVIZO EXTRAORDINARIO AXUDA NO FOGAR POR COVID-19 CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2020.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por **16.419,25 euros**, a favor de SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L. EN CONCEPTO DE SERVIZO EXTRAORDINARIO AXUDA NO FOGAR POR COVID-19 CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2020.”

27. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: SRB/921/2020.

CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA CORRESPONDENTE AOS PAGOS A CONTA POLA REALIZACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DO ANO 2020, A FAVOR DE “TRALUSA”.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **863.972,19 euros**, a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A”., correspondente aos pagos a conta pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros nos meses de xullo, agosto e setembro do ano 2020.

28. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: S/2020/275 - 715BS.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR ALCAMPO S.A., CON CIF A28581882 EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS (SEGUNDO DECRETOS DE ALCALDÍA POLO TRÁMITE DE EMERXENCIA) CORRESPONDENTES AO PERÍODO DE 10 AO 30 DE XUÑO DE 2020. (INFORME Nº 715/2020-TFT)

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por **30.444,47 euros**, a favor de ALCAMPO S.A., EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS (SEGUNDO DECRETOS DE ALCALDÍA POLO TRÁMITE DE EMERXENCIA) CORRESPONDENTES AO PERÍODO DE 10 AO 30 DE XUÑO DE 2020”.

**29. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: AD002.
CONTRATACIÓN DE POXA PÚBLICA DE OBOXECTOS PERDIDOS**

Apróbase contratar á entidade Sala Retiro S.A., para levar a cabo a poxa dos obxectos perdidos que foron publicados nos BOP e no taboleiro de anuncios do concello con datas 10 de febreiro de 2017 e 5 de xuño de 2019, números 29 e 105 respectivamente.

O obxecto do contrato será a prestación do servizo para a venda mediante poxa on line (subasta electrónica prevista no artigo 137 da Lei 33/2003) e presencial, no seu caso, dos obxectos perdidos e valorados pola entidade segundo informe de valoración remitido o 22 de decembro de 2016. Os obxectos figuran agrupados en lotes. Son obxectos depositados dende o 2011 ata o 2015; ámbolos dous inclusive, polo que aqueles que non foron reclamados por seus lexítimos donos, nin polas persoas que os atoparon, pasan a ser propiedade da administración, en aplicación do disposto no artigo 610 do Código Civil.

O servizo incluirá todas as actividades preparatorias e de execución das poxas, así como as posteriores da mesma que foran necesarias para a venda dos obxectos e que suporá:

- a) A eliminación de todos os datos e imaxes que tiveran os obxectos informáticos; ordenadores, tablets, ipads, etc.
- b) A modificación dos lotes co fin de acadar un mellor prezo de remate.
- c) A realización, para a poxa on-line, de fotografías e descrições de todos os lotes, cos datos necesarios para facilitar a oferta. Deberá constar o prezo de saída de cada lote. As fotografías serán todas en cor.
- d) A elaboración dun catálogo impreso que incluirá unha descripción, no suposto de que se considere máis conveniente a poxa presencial. Co prezo de saída de cada lote e as fotografías dos bens, que serán en cor.
- e) O anuncio da poxa na páxina web do concello, coa debida antelación e máxima difusión, con exposición das fotografías dos lotes e a súa descripción.
- f) Concreción das datas da poxa tendo en conta as mellores circunstancias que favorezan un óptimo resultado da mesma.
- g) Disposición dun local onde se facilite o exame de todos os lotes que estarán expostos en vitrinas, dando resposta ás consultas presenciais, por escrito ou por calquera medio que formulen os poxadores durante un período de, a lo menos, tres días antes do inicio da poxa e ata o remate da mesma.
- h) Celebración da poxa on-line durante un período non inferior a 3 días.

A entidade Sala Retiro levou a cabo a poxa pública correspondente ós obxectos perdidos dende o ano 1992 ata o 2010, dende o 13 ó 23 de novembro deste ano, con éxito de adquisicións, por un valor aproximado o dobre do valorado. En consecuencia, parece aconsellable volver a contratar á mesma entidade para levar a cabo a poxa destes obxectos. A entidade ten mais de 30 anos de experiencia en poxa de arte e xoias non noso país celebrando unhas 15 poxas ó ano, entre elas as de obxectos perdidos do concello de Madrid, Audiencia Nacional, Audiencias provinciais e outras, na que se están a poxar, xoias, reloxos e outros obxectos de diferentes tipoloxías, cun éxito de vendas do 100%.

30. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: AB 001.

ADQUISICIÓN OBXECTOS PERDIDOS 2011-2015

Acórdase declarar como bens patrimoniais pertencentes ó Concello, en virtude das disposicións establecidas nos artigos 610, 615 e 616 do Código Civil, a relación de bens que figuran publicadas no BOP de datas 10 de febreiro de 2017, número 29 e de 12 de xuño de 2019, número 110 que foron no seu día achados e, con relación ós que se levou a cabo o procedemento de previsto nos meritados artigos para localizar ós seus donos ou atribuílos as persoas que os atoparon e que os entregaron nas dependencias da Policía Local e que foron custodiados por ela dende o ano 2011 ata o ano 2015, tendo transcorrido, con creces o prazo de dous anos para que se procedese a súa reclamación.

31. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: MAS/312/2020.

APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DA ANUALIDADE 2019

Apróbase a xustificación achegada pola Fundación Refuxio de Animais do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS ANO 2019"; na que se xustifican os fondos percibidos, presentando certificación da aplicación da subvención aos fins previstos no convenio dentro do orzamento da Fundación, acompañada dun estado de execución do orzamento. Tamén se acompaña un avance das contas do exercicio 2019, aprobadas no Padroado da Fundación Refuxio de animais do 28 de febreiro de 2020.

34. DEPORTES. Referencia: 3477/2020.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2020.

Apróbase o modelo de convenio co Club Victoria de Santiago de Compostela no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **10.000 euros**, que ten como obxecto a promoción do deporte na cidade e, en particular, a práctica do fútbol feminino, dado que está a participar na máxima categoría local de 1ª división nacional feminina na tempada 2019/20 e na tempada 2020/21, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.

35. DEPORTES. Referencia: 3478/2020.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E O OBRADOIRO CLUB AMIGOS DE BALONCESTO S.A.D.

Apróbase o modelo de convenio co Obradoiro Club Amigos del Baloncesto S.A.D. no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 120.000 euros, que ten como obxecto a promoción do deporte do baloncesto e, en particular, garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como, de exemplo e motivación para o deporte de base.

36. DEPORTES. Referencia: 3480/2020.

CONTINUIDADE DO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE DISPOSITIVOS DE AUGA QUENTE SANITARIA E AUGA FRÍA DE CONSUMO HUMANO PARA O CONTROL E PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN POR LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.(CON/59/2015).

Apróbase unha nova orde de continuidade do actual servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexiionela nas instalacións deportivas municipais que está a desenvolver a empresa AGRONERGA S.L., , por un tempo estimado de 3 meses a contar desde o 12 de decembro de 2020 e ata o 11 marzo de 2021, mentres se procede á adxudicación da nova prestación. O orzamento para estes 3 meses, na que se manterá a facturación actual, ascende á cantidade de **4.475,49 euros, IVE engadido.**

37. DEPORTES. Referencia: 3473/2020.

REANUALIZACIÓN ECONÓMICA DO LOTE II E LOTE III DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE VIXILANCIA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS” (CON/33/2020).

Acórdase reanualizar economicamente o Lote II e o Lote III do contrato de “Servizo de vixilancia de instalacións municipais” CON/33/2020, co fin de axustalo á realidade da prestación, establecéndose as cantidades seguintes segundo cada anualidade:

- Anualidade 2020: Lote II: 22.163,30 € / Lote III: 982,22 €
- Anualidade 2021: Lote II: 92.637,60 € / Lote III: 4.130,55 €
- Anualidade 2022: Lote II: 92.637,60 € / Lote III: 4.130,55 €
- Anualidade 2023: Lote II: 70.474,30 € / Lote III: 3.142,33 €

38. DEPORTES. Referencia: 3470/2020.

DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO CO CLUB ATLETISMO SANTIAGO, 2020.

Tómase coñecemento da sinatura o 1 de decembro de 2020 do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB ATLETISMO SANTIAGO para o ano 2020, que establece unha achega de 9.000 euros, co obxecto de subvencionar parte dos gastos necesarios para que a entidade deportiva compita na categoría nacional e na categoría autonómica.

39. DEPORTES. Referencia: 3472/2020.

DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO CO CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA, 2020.

Tómase coñecemento da sinatura o 1 de decembro de 2020 do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA para o ano 2020, que establece unha achega de 65.000 euros, co obxecto de subvencionar parte dos gastos necesarios para que o club compita durante este ano na Liga Nacional de 3ª división ou

superior, máxima categoría deportiva da cidade na modalidade fútbol senior masculino, así como, nas diferentes competicións derivadas dos resultados obtidos.

40. DEPORTES. Referencia: 3471/2020.

DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO CO CLUB TRIATLÓN SANTIAGO, 2020.

Tómase coñecemento da sinatura o 1 de decembro de 2020 do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO para o ano 2020, que establece unha achega de 20.000 euros, co obxecto de subvencionar parte dos gastos necesarios para que a entidade deportiva compita cos seus equipos Elite Absoluto Masculino e Feminino na Liga de Clubs de Primeira División Nacional de Triatlón e Duatlón durante durante o citado ano.

41. DEPORTES. Referencia: 3467/2020.

DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO CO CLUB SANTIAGO FUTSAL, 2020.

Tómase coñecemento da sinatura o 1 de decembro de 2020, do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB SANTIAGO FUTSAL para o ano 2020, que establece unha achega de 65.000 euros, co obxecto de subvencionar parte dos gastos necesarios para que o club compita durante este ano na Liga de Segunda División Nacional na modalidade de fútbol sala senior masculino.

42. DEPORTES. Referencia: 3468/2020.

DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO CO CLUB ARTEAL TENIS DE MESA, 2020.

Tómase coñecemento da sinatura o 1 de decembro de 2020, do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA para o ano 2020, que establece unha achega de 12.000 euros, co obxecto de subvencionar parte dos gastos necesarios para que a entidade deportiva compita durante o presente ano na Superdivisión masculina de tenis de mesa, así como nas diferentes probas derivadas dos resultados obtidos na Superdivisión.

43. PLANEAMENTO. Referencia: PLA/81/2013.

DACIÓN DE CONTA DA SINATURA DA ADDENDA NÚMERO 7 DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO PARA O FINANZAMENTO DA REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta da formalización con data 2.12.2020 da ADDENDA Nº 7 ao Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e o Concello para o financiamento da redacción da Revisión do Plan especial de protección da cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela; addenda na que se reaxustan os importes de distintas anualidades.

44 A 50. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00002077G.

DACION DE CONTAS.

Dáse conta de diversas sentenzas e autos.

51. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00003229Y.

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Dase conta.

URXENCIAS

52. EDUCACIÓN. Referencia: 2020/edu0003.

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2020 |

Apróbese a Memoria do programa municipal de conciliación de Nadal 2020, que terá lugar os días 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2020 e o 4, 5, e 7 de xaneiro de 2021 nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e CEIP Quiroga Palacios e no CEIP Roxos-Villestro, de acordo coas características recollidas no Informe, cun orzamento de 16.350 euros. Apróbanse, así mesmo, os prezos públicos que se recollen na memoria e as seguintes

reducións, conforme o disposto no artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

- desconto do 30% cando acrediten ser familia numerosa, familia monoparental, nenos/as con discapacidade e cando participen dous irmáns no programa.

- desconto do 50% ou do 100% do custe para familias con escasos recursos.

Destinatarios: nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Datas de realización e modalidades de participación: O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de Nadal: os días 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2020 e o 4, 5 e 7 de xaneiro de 2021, sen prexuízo dos traballos previos necesarios para a organización da actividade.

As modalidades a escoller polos interesados son:

Completa: os 9 días.

Quenda do mes de decembro de 2020: días 23, 24, 28, 29, 30 e 31.

Quenda do mes de xaneiro de 2021: días 4, 5 e 7.

Nesta ocasión e pola situación da pandemia non se admiten solicitudes para días soltos.

O horario será de 9:00 a 14:00 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 8:00 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

NÚMERO DE PRAZAS: 55 prazas entre os tres centros, 30 prazas para o servizo de comedor e 20 para o de madrugadores.

PRAZO DE MATRÍCULA: Abrirase un prazo de inscrición e matrícula entre os días 8 e 14 de decembro de 2020 (ambos os dous incluídos).

53. COMERCIO. Referencia: CONVAREA20.

APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE ÁREA CENTRAL PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL E INSTALAR UNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO. ANO 2020

O Concello de Santiago de Compostela, con cargo ao seu orzamento xeral para o ano 2020, achegará á Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central a cantidade de 30.000 euros para a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo e para a realización de actividades complementarias de dinamización comercial.

54. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1465/2018.

CONCESION DE LICENZA PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE COMERCIAL CON USO NON DEFINIDO.

Concédesse licenza para construción de nave no polígono da Sionlla.

55. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1850/2019.

CONCEDER LICENZA PARA CAMBIO DE USO DE ALMACEN E GARAXE APARCAMENTO E DIVISIÓN DE LOCAL.

Concédesse a licenza.

56. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00003370D.

TRASPASO DAS CASETAS NÚMEROS NC248, NC249, NC250 E NC251 DA PRAZA DE ABASTOS

Apróbase o traspaso.

57. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00003287H.

TRASPASO DA CASETA CE27 DA PRAZA DE ABASTOS

Apróbase o traspaso.

58. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION. REFERENCIA 1189/2020.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR NATURGY IBERIA, S.A. CON CIF NÚM. A08431090 EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXIA ELÉCTRICA EN DIFERENTES DEPENDENCIAS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2020

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 180.033,42 € a favor de Naturgy Iberia, S.A., todas elas en concepto de subministración de electricidade en diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de abril, maio e xullo de 2020.

59. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION. REFERENCIA 1104/2020.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR LOS ANGELES GAS, S.L. CON CIF NÚM. B15578289 EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE CONXO

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 582,66 €, a favor de LOS ÁNGELES GAS, S.L., en concepto de subministración de combustible para calefacción no Centro Sociocultural de Conxo

60. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION. REFERENCIA 1182/2020.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA DA FACTURA EMITIDA POR UNIRONICS COMUNICACIONES, S.A. CON CIF NÚM. A81356313 EN CONCEPTO DE SERVIZO DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DA INFRESTRUTURA DE SERVIDORES DO CONCELLO, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2020

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 6.175,95 €, a favor de UNITRONICS COMUNICACIONES, S.A., en concepto de servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do concello, correspondente ao mes de setembro de 2020.

61. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION. REFERENCIA 1167/2020.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR FERROVIAL SERVICIOS, S.A. CON CIF NÚM. A80241789, EN CONCEPTO DE SERVICIOS DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO, INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS LOCAIS MUNICIPAIS E INSTALACIÓNS DE ALUMEADO ORNAMENTAL DOS MONUMENTOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2020

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 77.288,46 € a favor de FERROVIAL SERVICIOS, S.A., en concepto de servizos de mantemento de alumado público, instalación eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de setembro de 2020.

62. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION. REFERENCIA 1183.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA DA FACTURA EMITIDA POR ROBSUS INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L. CON CIF NÚM. B70319439 EN CONCEPTO DE MANTEMENTO PREVENTIVO CLIMATIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO A SETEMBRO DE 2020

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 1.263,24 €, a favor de ROBSUS INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L., en concepto de mantemento preventivo climatización do Teatro Principal correspondentes aos meses de xaneiro a setembro de 2020.

63. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION. REFERENCIA 1181/2020.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L. CON

CIF NÚM. B15259765 EN CONCEPTO DE INSTALACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE SISTEMAS DE ALARMAS ANTIRROUBO E DETECCIÓN DE INCENDIOS, E DE EXTINTORES E MANGUEIRAS DE EXTINCIÓN CORRESPONDENTES A VARIOS PERIODOS ENTRE OS MESES DE OUTUBRO E NOVIEMBRE 2020

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 603,87 euros, favor de SEGURIDADE A-1, S.L., en concepto de instalación, mantemento e reparación de sistemas de alarmas antirrobo e detección de incendios, e de extintores e mangueiras de extinción correspondente a varios períodos entre os meses de outubro e novembro de 2020.

64. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION. REFERENCIA 1104/2020.

CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBIDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. CON CIF NÚM. A61797536 EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO EN DIFERENTES DEPENDENCIAS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO PERÍODO QUE ABRANGUE DESDE O MES DE SETEMBRO DE 2018 ATA XULLO DE 2020

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 7.905,08 €, a favor de GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., en concepto de subministración de gasóleo en diferentes dependencias municipais, correspondentes aos períodos setembro-novembro de 2019 e decembro 2019-xullo de 2020.